



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-5

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO

6 de Xuño de 2024

Lugar

SALON DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:03

Hora de Finalización

09:21

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

EMILIO FERNANDEZ PARADA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

DANIEL DE DIOS MANSO

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

.

Antes de dar inicio á sesión, o Sr. Alcalde da conta do falecemento no día de onte da sogra do Secretario do concello, a quen el e o resto da corporación dan o seu pésame.

O Secretario que suscribe agradece o xesto no seu nome e no da súa familia.

1º. APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESION DO 13.05.2024 (ACTA 4/2024)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes asistentes á sesión de referencia.

2º. DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 07.03.2024.

A seguir, fíxose entrega aos concelleiros das convocatorias das Xuntas de Goberno Local celebradas dende a sesión **ordinaria** do Pleno de data **17 de marzo de 2024**, de acordo có seguinte:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-5. Xunta de Goberno Local do 19 de marzo de 2024:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 28.02.2024 (**Acta 2024/4**)
- 2º. Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024. Acordos de solicitude e asociación cós concellos de Riós e Vilardevós para a súa tramitación.
- 3º. Convenio de colaboración marco para a xestión compartida do obradoiro de emprego "Rodeira da Cota" entre os concellos de Castrelo do Val, Riós e Vilardevós.
- 4º. Presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2024. Solicitude de financiamento á consellería competente.

ACTA 2024-6. Xunta de Goberno Local do 3 de abril de 2024:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 19.03.2024 (**Acta 2024/5**)
- 2º. Solicitude á Deputación Provincial de Ourense de subvención para o financiamento de investimentos no Concello de Castrelo do Val, acordo que proceda

ACTA 2024-7. Xunta de Goberno Local do 8 de maio de 2024:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 03.04.2024 (**Acta 2024/6**)
- 2º. Aprobación da conta xustificativa do programa de gasto corrente e amortización de débeda do plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2024. Medida "retribucións de persoal"
- 3º. Convocatoria pola Deputación Provincial de Ourense do Programa de cooperación Benourense para o cofinanciamento do programa SAF Básico municipal para o exercicio 2024.
- 4º. Convocatoria pola Deputación Provincial de Ourense do Programa de cooperación Benourense Infancia para o financiamento de servizos municipais complementarios a infancia para o exercicio 2024.
- 5º. Convenio para a utilización dunha parcela privada na Travesía O Toural como aparcadoiro público
- 6º. Convenio para a utilización dunha parcela privada na Rúa O Paseo como punto de ubicación de contenedores.
- 7º. Colaboración do concello coa viaxe de estudos dos alumnos de 6º de Primaria do CEIP Raúl Fernández

ACTA 2024-8. Xunta de Goberno Local do 13 de maio de 2024:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 08.05.2024 (**Acta 2024/7**)
- 2º. Aprobación dos padróns do primeiro cadrimestre de 2024: da taxa de abastecemento domiciliario de auga e do Canon da Auga da Xunta de Galicia
- 3º. Aprobación do padrón do Imposto sobre bens inmobles (IBI) de natureza urbana do exercicio 2024.
- 4º. Aprobación do padrón do Imposto sobre bens inmobles (IBI) de natureza rústica do exercicio 2024
- 5º. Aprobación do padrón do Imposto sobre bens inmobles (IBI) de características especiais (BICES) do exercicio 2024
- 6º. Aprobación do padrón do Imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM) do exercicio 2024.
- 7º. Aprobación do padrón da taxa polo servizo de recollida de lixo do exercicio 2024





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-9. Xunta de Goberno Local do 28 de maio de 2024:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 13.05.2024 (**Acta 2024/8**)
- 2º. Certificación Núm. 1, liquidación da obra "Pavimentación da Travesía do Paseo e Rúa da Igrexa, en Castrelo do Val", do Plan de Mellora de camiños municipais 2023-2024 (Plan Marco MR701E)
- 3º. Traslado alumnos do CEIP de Castrelo do Val.

Os presentes quedan enterados.

3º. DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 07.03.2024.

Acto seguido, fíxose entrega dunha relación certificada das resolucións da Alcaldía dictadas dende a derradeira da que se díu conta na sesión **ordinaria** do Pleno do **7 de marzo de 2024**, de acordo có seguinte:

22. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 05/03/2024.
23. EXENCION IVTM VEHICULO ROSA PEREZ PEREZ, de data 05/03/2024.
24. ALTA PADRON HABITANTES, de data 06/03/2024.
25. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 12/03/2024.
26. APROBACION ENGANCHE SANEAMENTO OLGA FERNANDEZ, de data 12/03/2024.
27. ALTA PADRON HABITANTES, de data 15/03/2024.
28. LICENZA URBANÍSTICA CONSTRUCCIÓN VIVENDA DAVID JUSTO, de data 21/03/2024.
29. ACEPTACION CESION VIAIS CONSTRUC VIVENDA BEATRIZ RIVERO, de data 26/03/2024.
30. APROBACION PAGO NÓMINAS MES DE MARZO, de data 26/03/2024.
31. CONTRATACION PEON DE SERVIZOS XERAIS MUNICIPAIS 2024, de data 27/03/2024.
32. ADXUDICACION CONTRATO VIDEOS PROMOCIONAIS CONCELLO, de data 01/04/2024.
33. APROBACION BASES SELECCION PEON SERVIZOS XERAIS 2024, de data 02/04/2024.
34. APROBACION BASES SELECCION PEON CONDUCTOR TRACTOR, de data 02/04/2024.
35. APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION E INVITACIONES, de data 05/04/2024.
36. ADXUDICACION CONTRATO MENOR RUA DA FONTE EN NOCEDO, de data 09/04/2024.
37. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 09/04/2024.
38. ALTA PADRON DE HABITANTES, de data 10/04/2024.
39. ALTA PADRON DE HABITANTES, de data 10/04/2024.
40. CONTRATACION PEON TRACTOR ROZADOIRA, de data 15/04/2024.
41. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 15/04/2024.
42. CONTRATACION PEON SERVIZOS XERAIS MUNICIPAIS, de data 15/04/2024.
43. COMUNICACION INICIO ACTIVIDADE DE GRANXA EN PEPIN, de data 16/04/2024.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

44. DECLARACION SITUACION LEGAL DE RUINA EN GONDULFES, de data 16/04/2024.
45. LEGALIZACION EXPLANACION MOVEM. TERRAS GRANXA POLOS, de data 16/04/2024.
46. APROBACION BASES SELECCION PEONS ESPAZOS NATURAIS, de data 16/04/2024.
47. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 16/04/2024.
48. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 16/04/2024.
49. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 16/04/2024.
50. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 17/04/2024.
51. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 18/04/2024.
52. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 18/04/2024.
53. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 19/04/2024.
54. APROBACION EXPEDIENTE CONTRATACION E INVITACIONES, de data 23/04/2024.
55. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 24/04/2024.
56. ADXUDICACION CONTRATO SINALIZACION, de data 26/04/2024.
57. APROBACION PAGO NOMINAS MES DE ABRIL, de data 29/04/2024.
58. LISTADO ADMITIDOS E EXCLUIDOS APROL RURAL 2024, de data 30/04/2024.
59. ALTA PADRON DE HABITANTES, de data 06/05/2024.
60. ALTA PADRON DE HABITANTES, de data 07/05/2024.
61. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 07/05/2024.
62. APROBACION PAGO FACTURAS E CANON AUGA, de data 09/05/2024.
63. APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION E INVITACIONES, de data 10/05/2024.
64. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 13/05/2024.
65. ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 13/05/2024.
66. APROBACION ADXUDICACION OBRA PLAN COOPEROU 2024, de data 15/05/2024.
67. PRÓRROGA REFORMA PANTEÓN EN CAMPOBECERROS, de data 16/05/2024.
68. APROBACION EXPEDIENTE CONTRATACION E INVITACIONES, de data 20/05/2024.
69. APROBACION EXPEDIENTE CONTRATACION E INVITACIONES, de data 21/05/2024.
70. ADXUDICACION CONTRATO MENOR OBRA PLAN COOPEROU 2024, de data 23/05/2024.
71. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 23/05/2024.
72. ADXUDICACION CONTRATO MENOR REHABILIT. FACHADAS PISCINA, de data 27/05/2024.
73. APROBACION PAGO FACTURAS, de data 29/05/2024.
74. APROBACION PAGO NÓMINAS MES DE MAIO, de data 30/05/2024.

Os presentes quedan enterados.

4º. DAR CONTA DO CESE DE ACTIVIDADE DOS VELATORIOS DE MONTEVELOSO E FONTEFRIA.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

O Sr. Alcalde explica aos presentes que, por mor das esixencias da normativa sanitaria para a apertura e funcionamento de locais destinados a velatorios; e especialmente a obriga de que estes locais conten cun sistema de cloración de auga, non resulta viable a continuidade da actividade como velatorio dos locais das localidades de Monteveloso e Fontefría.

A Sra. Manso Rodríguez (**PP**) pregunta se os velatorios de Piornedo e Veiga de Nostre van seguir funcionando como tales.

O Sr. Alcalde respostou que polo de agora sí. Que a Consellería de Sanidade xa non admitía o funcionamento dos que se tratan hoxe en pleno, pero que con algunha pequena reforma, segue a deixar funcionar outros; aínda que no futuro irase vendo, xa que a tendencia é que non sigan a funcionar tantos velatorios como existen na actualidade en toda Galicia.

O Sr. Fernández Parada (**PP**) sinala que a el dixéronlle que o de Monteveloso ten clorador.

Respostoulle o Sr. Alcalde que o local, clorador non tén, a lo menos non un sistema homologado que custaría uns cinco mil euros e ademáis os veciños terían que constituir unha comunidade de augas e outra serie de trámites que realmente inviabilizan esa actividade.

Así pois e logo destas intervencións, os presentes quedan enterados do cese da actividade de velatorio dos locais das localidades de Monteveloso e de Fontefría deste Concello de Castrelo do Val.

5º. EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS 10/2024 CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA.

Dáse lectura ao expediente núm. **10/2024**, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado có remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio **2023**.

O Sr. alcalde fai unha explicación das diferentes necesidades a satisfacer có expediente.

Dáse conta de que o expediente tramítase por razóns de necesidade plenamente xustificada, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

Non se producen intervencións.

Tralo que, ao ter en conta a Memoria da Alcaldía xustificativa da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos número **10/2024**, de suplementos de crédito con cargo ao remanente líquido de tesourería e polos motivos nela sinalados; o Pleno, por **catro** votos a favor, dos concelleiros presentes do **PSdeG-PSOE**; ningún en contra e **dúas** abstencións do **PP**; (dos sete membros que legalmente o forman, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **10/2024** a través de suplemento de créditos **con cargo ao remanente líquido de Tesourería**, nos seguintes termos:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

SUPLEMENTO DE CREDITO:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
171.609.01	Reforma e ampliación parque infantil "A Fonte"	8.355,79
920.640	Proxectos, memorias técnicas e dirección de obras	2.904,00
920.625	Inversión en camiños (S. Antón e pistas da Costa e A Lamela)	2.408,86
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		13.668,65

PARTIDA DE INGRESOS FINANCIADORA:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
87001	Remanente de Tesourería para gastos xerais	13.668,65
TOTAL		13.668,65

SEGUNDO. Expoñer ao público este expediente de modificación de créditos **10/2024** durante o prazo dos seguintes quince días hábiles desde a publicación do correspondente edicto no **Boletín Oficial da Provincia**, a fin de que, polos interesados a que se refire o artigo 151.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, se presenten as alegacións e as reclamacións que consideren pertinentes, só polos motivos que se establecen no apartado segundo do devandito artigo.

Así mesmo, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen as reclamacións contra a aprobación inicial do referido expediente, dita aprobación será definitiva sen necesidade de adoptar novo acordo do Pleno que así o declare e, de seguido, exporase ao público o resultado final da modificación de créditos efectuada e remitirase copia da resolución á administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro ou grupo, por razóns de urxencia, desexa o tratamento dalgún asunto non incluído na orde do día que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Ningún concelleiro ou grupo fai uso desta facultade.

6º. ROGOS E PREGUNTAS.

Formuláronse os seguintes:

Da Sra. Manso Rodríguez (PP):

- Sr. Alcalde: ¿Qué norma se segue para limpar os camiños das zonas urbanas nos diferentes pobos? No sentido de que, as veces, quedan algúns tramos sen limpar.

O Sr. Alcalde respostou que o primeiro que hai que ter en conta é que non todos os camiños





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

dos núcleos de poboación son de titularidade municipal

A Sra Manso Rodríguezx (**PP**) pon como exemplo unha limpeza na rúa Ponte do Medio, en Castrelo do Val, onde algunha sección ou tramo quedou sen limpar.

O Sr. Alcalde respostou que en definitiva, norma non hai ningunha, no sentido de que desde o concello de diga ao persoal encargado que se limpe dun punto concreto a outro; senon que iniciadas as tarefas de limpeza, vaise traballando nos tramos concretos onde hai máis herba e maleza; e que no tramo do que se fala, imaxina que algún lugar que non tiña herbas ou as tiña menos altas saltouse para acudir ás zonas onde era máis necesario.

Explica tamén que se depende moito do persoal có que se conta nun momento dado, que sempre é insuficiente. E remata apuntando que coa evolución das facendas locais, tal vez os pobos ou as comunidades de veciños van ter que botar man deste tipo de tarefas.

A Sra Manso Rodríguezx (**PP**) roga que por favor se faga tamén as orillas dos camiños.

Rematou o Sr. Alcalde decindo que se fará o mellor posible e que se está á espera de incorporar a un condenado á realización de traballos en beneficio da comunidade que se adicará a reforzar este servizo.

- Sr. Alcalde: Hai queixas pola cobertura de telefonía móbil en Veiga de Nostre.

O Sr. Alcalde respostou que nese núcleo o servizo é de Movistar e cré que cobertura teñen; que o concello pouco ten que ver pero que motivos de queixa debería haber, máis ben, nas localidades de Gondulfes e Pepín, onde non hai practicamente cobertura, afirmación que comparte a Sra. Gil Cid (**PSdeG-PSOE**)

Do. Sr. Fernández Parada (**PP**):

- Sr. Alcalde: habería que darlle uha volta as marquesinas, xa que por exemplo a de Servoi da carretera, fáltalle unha pata

O Sr. Alcalde respostou que mellor sería retirar algunhas, xa que están onde xa deixou de haber transporte de viaxeiros, polo que a maioría xa non teñen razón de ser. Ademais dado que o departamento de Mobilidade da Xunta ven tardando case tres anos en reparar ás que se lle comunica que o precisan, mellor é retiralas.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

